

**46.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE NOVEMBRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**Ausentes:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

*Non asiste o Sr. Concelleiro D. Nicolás María González Casares.*

**1.- APROBACIÓN DAS ACTAS NÚMS 44 E 45 DE DATA 17 DE OUTUBRO DE 2016 E 24 DE OUTUBRO DE 2016.**

Acordouse aprobar a actas núm. 42/2016 e 43/2016 das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local os días 3 de outubro de 2016 e 10 de outubro de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZAS DE OBRA**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para renovación da cuberta da Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 25/10/16, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención Municipal, con data 28/10/16, por importe de

1.665,48 €.

**2.2.-** Acordouse **DENEGAR A LICENZA DE OBRA** para fabrica de penso destinada a autoconsumo de explotación gandeira, no lugar de Rodelas, parroquia de Maceira, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe desfavorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 20/10/16.

**2.3.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE OBRA** para para reforma e ampliación en explotación de Vacún no lugar de Regufe, parroquia de Bermés, de Lalín con base na documentación que obra no expediente e no informe favorable emitido, para o efecto, polo técnico municipal de data 27/10/16, e probar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 31/10/16 en concepto de Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras por importe de 1.197,00 euros.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS**

**3.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS** para a reforma de fachada e interior en café bar, na rúa Xoaquín Loriga, nº 7, baixo, de Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 18/10/16, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 01/06/16 por importe de de 817,54 euros en concepto de ICIO.

### **4.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE**

**4.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE** para tenda de apostas deportivas na rúa Pintor Laxeiro, 5-7 baixo–Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 24/10/16.

### **5.- CAMBIO DE TITULARIDADE**

**5.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE** sobre a petición de cambio de titularidade de licenza de estación de servizo coa denominación “gasolineira Eroski Lalín”, sita na rúa do Areal, nº 91, de Lalín con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 24/10/16.

### **6.- INFORMES PREVIOS**

**6.1.-** Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal, de data 25/10/16**, en relación coa solicitude de licenza para construción dunha

explotación de galiñas poñedoras ecolóxicas situada na parcela de referencia catastral rústica polígono 504 e parcela 216, preto do lugar de A Cruz, parroquia de Santiso, de Lalín–Méixome.

**6.2.-** Acordouse **aprobar o informe do técnico municipal, de data 28 de outubro de 2016**, en relación coa construción dunha ponte no camiño de uso público que une o lugar de Moneixas co lugar de Cobás-Lalín.

## **7.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

## **8.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**8.1.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN DOS GANDEIROS”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo licitación de 8.474,58 €, máis o importe de 1.545,72€ correspondente ao IVE, resultando un importe total de 10.000,00€ anuais (IVE incluído).

**8.2.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA CARPA PARA A RELIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE NADAL NO CONCELLO DE LALÍN”**, mediante procedemento negociado, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 4.132,23 € máis a partida de 867,77 € correspondente ao IVE, resultando un importe total de 5.000,00 €, e un prazo de execución de comprendido entre os días 15 de decembro de 2016 e 13 de xaneiro de 2017.

**8.3.-** Acordouse adxudicar o POSTO NÚM. 6 da Praza de Abastos de Lalín para adicalo á actividade de venda de produtos ecolóxicos por unhas melloras a realizar no posto por importe de 1.917,12 € (IVE incluído) por ser a única oferta presentada para citado posto e cumprir cos requisitos esixidos nas **BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO PARA OUTORGAR OS POSTOS NÚM. 6, 13, 54 E A PARTE NOVA DA PRAZA DE ABASTOS DE LALÍN.**

**8.4.-** Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“SERVIZO DE MANTEMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL MANUEL ÁNGEL CORTIZO”** mediante procedemento aberto, trámite ordinario e un criterio de valoración, con orzamento máximo de licitación de 14.280,96 € máis a partida de 2.999,00 correspondente ao IVE, resultando un importe total de

17.279,96 €, e un prazo de execución dun 1 ano prorrogable por outro (1) ano máis.

## **9.- EXPEDIENTE PARA CONCERTAR MEDIANTE CONVENIOS OS PATROCINIOS PUBLICITARIOS DOS EVENTOS CULTURAIS DO ANO 2016 DO CONCELLO DE LALÍN.**

**9.1.-** Adxudicar e contratar coa empresa **ESPINA & DELFÍN S.L**, por importe total de **4.500 €**, os patrocinios publicitarios dos eventos culturais do ano 2016 do Concello de Lalín.

## **10.- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS.**

**10.1.-** Acordouse proceder á **devolución da fianza** constituída como garantía para a realización da obra de reparación e limpeza da cuberta no edificio sito na rúa B 75-77, rúa F 31-33-35, rúa C 46-48, Lalín por importe de 5.000 euros.

## **11.- FACTURAS E CONTAS.**

**11.1.-** Acordouse **aprobar e declarar de abono** a relación de facturas núm. 00143 por importe de **66.416,12 €** e a núm. 00144 por importe de **8.270,32 €**.

## **11.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**11.1.-** Acordouse **conceder certificación de obra** núm. 1 e final da obra “ELEMENTOS DE TEMPLADO DE TRÁFICO E SEGURIDADE VIAL, ZONA URBANA NO CONCELLO DE LALÍN” Plan Concellos 2016, presentada pola entidade CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L, redactada polo Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas-Director da obra, cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de 23.486,10 €.

## **12.- PROPOSTAS DA ALCALDÍA E DOS SRES. CONCELEIROS DELEGADOS.**

**12.1.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía co número 16/2016.

**12.2.-** Acordouse a **concesión da tarxeta de estacionamento** para persoas con minusvalía, co número 15/2016, con carácter provisional ata o 02/11/2017 .

**12.3.-** Acordouse aprobar a **concesión de axuda de inclusión social** para

sufragar gastos de primeira necesidade para á persoa solicitante por importe total de 160 €.

**12.4.-** Acordouse autorizar á unha traballadora municipal a asistir en Madrid á Sesión 2: “ Pasos a seguir para las Entidades Locales seleccionadas en la 1ª Convocatoria” que se celebrará o vindeiro día 4 de novembro do 2016,e autorizar o importe de dietas por desprazamento e manutención.

**12.5.-** Acordouse a **alta por agravamento de saúde** e a inclusión URXENTE no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas, para unha persoa beneficiaria, ao non existir listaxe de espera.

**12.6.-** Acordouse solicitar á Consellería de Política Social a transferencia finalista para o **cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal por importe total de 515.599,61 €.**

**12.7.-** Acordouse nomear ao arquitecto técnico municipal como director de obra e director de execución do proxecto “**OBRAS DE ACONDICIONAMENTO EN EDIFICIO RÚA MANUEL RIVERO 5, LALÍN**”, a realizar polo Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN”.

**12.8.-** Acordouse nomear ao director do obradoiro de emprego, como Coordinador en materia de Seguridade e Saúde, durante a execución da obra “**OBRAS DE ACONDICIONAMENTO EN EDIFICIO RÚA MANUEL RIVERO 5, LALÍN**”, a realizar polo Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN”.

**12.9.-** Acordouse admitir a documentación presentada por unha Asociación en relación á xustificación da subvención concedida para a realización da actividade denominada **CURSO DE ZUMBA** e a documentación presentada por outra Asociación en relación á xustificación da subvención concedida para a realización da actividade denominada **CURSO DE ELABORACIÓN DE VELAS E XABÓNS**, e aprobar as contas xustificativas presentadas polas ditas asociacións.

**12.10.-** Acordouse autorizar a tres técnicos/as para a obtención do certificado dixital necesario.

**12.11.-** Acordouse **anular e deixar sen efecto a liquidación provisional do Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras** de “Renovación da cuberta da Igrexa Parroquial de San Lourenzo de Vilatuxe” aprobada por acordo da Xunta de Goberno en sesión celebrada o día 18 de xullo de 2016, cunha cota tributaria de 1.790,23 €, emitida ao Bispado de Lugo.

**12.12.-** Acordouse **autorizar e comprometer un gasto por importe de 9.559,00 €**, con destino ó subministro de un tractor cortacésped para a **brigada de obras e servizos** do Concello de Lalín, e contratar coa empresa AGRÍCOLA SUAREZ o subministro descrito con suxeición ó réxime dos contratos menores de subministro.

**12.13.-** Acordouse aprobar a conta xustificativa presentada polos vinteoito (28) beneficiarios da concesión de **bolsas complementarias ao estudo para alumnos/as de centros docentos públicos e privados para o curso 2016-2017**, por un importe total **1.639,84 €**.

**12.14.-** Acordouse **admitir a documentación presentada pola Asociación Cultural Carballo da Manteiga como xustificación do Convenio de Colaboración** entre o Concello de Lalín e a Asociación Cultural Carballo da Manteiga, relativo ós gastos de funcionamento da Escola de Gaitas, en concreto gasto de profesorado e material non inventariable, e aprobar a conta xustificativa de dito convenio polo importe de 8.690 €.

**12.15.-** Acordouse recoñecer o dereito da “SOCIEDAD GENERAL DE AUTORES Y EDITORES” ó cobro do importe de 2.839,92 € (IVE incluído), e así mesmo recoñecer o dereito da “ASOCIACIÓN DE GESTIÓN DE DERECHOS INTELECTUALES”, e de “ARTISTAS, INTÉRPRETES Y EJECUTANTES, SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ESPAÑA”, ó cobro do importe de 1.996,40 (IVE incluído); e autorizar a sinatura coa SGAE e AGEDI-AIE do “**Contrato-autorización para a utilización do repertorio, como ambientación, de carácter secundario e de carácter necesario**”, e “**Contrato para a comunicación pública de fonogramas o de reproducións dos mesmos en ximnasia, escolas de baile e outros establecementos de análoga natureza**”, respectivamente, segundo os modelos adxuntos como documentos números 3 e 4, e coas características e importes que se indican nos seus respectivos Anexos I.

### **13.- CORRECCIÓN DE ERROS.**

**13.1.-** Acordouse **corrixir o erro** acontecido no acordo da Xunta e goberno Local celebrada o día 17 de outubro de 2016 no punto 8.5.

**13.2.-** Acordouse **corrixir o erro** acontecido no acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de setembro de 2016 en relación á concesión de 212 bolsas ao estudo.

**13.3.-** Acordouse **corrixir o erro** acontecido no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 08 de xuño de 2015.

#### **14.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**14.1.-** Deuse conta do escrito remitido pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza-Dirección Xeral de Administración Local, de data 31 de outubro de 2016.**

**14.2.-** Concedeuse **autorización municipal** para impartir o Obradoiro de título “Cómo innovar no deseño do produto turístico”, cunha duración estimada de oito horas.

**14.3.-** Deuse conta do **Decreto da Alcaldía de data 25 de outubro de 2016**, no que comunica que debido a motivos de organización e funcionamento do traballo municipal o réxime das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local deste Concello de Lalín que se celebraran os luns de cada semana ás 19:30 horas en primeira convocatoria.

**14.4.-** Acordouse **desestimar e rexeitar autorización municipal** para o uso dunha sala, salón ou similar para realizar unha charla informativa sobre a oferta de emprego público e capacitación profesional o día 8 de novembro de 2016, ás 5 da tarde, por dispor de local para o dito día.

**14.5.-** Acordouse **aprobar a Addenda ao Convenio de Colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Lalín para a adquisición de mobiliario para a Biblioteca Municipal de Lalín**”, pola que se modifica, previa solicitude do Concello de Lalín, a cláusula terceira do Convenio asinado o pasado día 2 de maio de 2016 no relativo á ampliación do prazo do xustificación de dito convenio ata o día 30 de novembro de 2016.

-----